

# CONCRECIÓN CURRICULAR

## Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
32001671	CEIP Ramón Otero Pedrayo	O Barco de Valdeorras	2023/2024

<b>Contido</b>	<b>Páxina</b>
a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro	3
b) A contribución á adquisición das competencias clave	5
c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais	5
d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía	7
e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos	8
f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso	8
g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias	9
h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso	10
i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso	10
j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación	11
k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso	13
l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas	13
m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas	13
n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular	15
o) Outros apartados	15

## a) A adecuación dos obxectivos xerais das etapas ao contexto do centro

Os obxectivos xerais do centro son os seguintes:

### 1. Ámbito pedagóxico.

- Proporcionar unha formación integral que permita desenvolver a propia identidade do alumno, potenciando a súa capacidade para exercer dun xeito crítico a liberdade, respecto, tolerancia e solidariedade dentro dunha sociedade libre e plural.

- Adquirir hábitos e técnicas de traballo que faciliten a adquisición de contidos e coñecementos científicos, técnicos, humanísticos, históricos e estéticos, desenvolvendo técnicas de subliñado, esquemas, resúmenes, apuntes...

- Aprender a respectar as normas básicas de convivencia, materiais e instalacións.

- Formar no respecto á pluralidade lingüística e cultural.

- Desenvolver unha metodoloxía activa que garanta a participación do alumnado no proceso de ensino e aprendizaxe. Preparalos para participar activamente na vida social e cultural.

- Utilizar unha metodoloxía globalizadora partindo dos intereses e necesidades do alumnado.

- Desenvolver nos alumnos as seguintes competencias:

a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).

b) Competencia plurilingüe (CP).

c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).

d) Competencia dixital (CD).

e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).

f) Competencia cidadá (CC).

g) Competencia emprendedora (CE).

h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

### 2. Ámbito humano.

- Desenvolver entre o alumnado actitudes para a convivencia democrática e para o exercicio responsable da liberdade.

- Desenvolver actitudes e hábitos de cooperación a través do traballo en equipo.

- Fomentar un comportamento tolerante e solidario en toda a comunidade educativa.

- Desenvolver actitudes de respecto ás diferentes culturas e linguas. Educar na integración.

- Educar para a paz e o encauzamento da agresividade cara a resolución pacífica dos conflitos.

- Formar ao alumnado en igualdade, sen ningún tipo de discriminación e eliminando estereotipos en relación aos roles do home e da muller na sociedade.

- Potenciar o respecto e coidado activo pola natureza e o medio ambiente, asumindo compromisos no aforro de auga e enerxía.

- Potenciar e practicar hábitos alimenticios saudables.

- Educar no respecto aos valores morais e cívicos.

- Aprender a usar, desfrutar e coidar dos bens que se posúen ou se consumen, recoñecendo a súa utilidade real, e creando unha autonomía persoal fronte ao consumismo.

- Educar para unha boa utilización do tempo de lecer.

- Desenvolver no alumnado hábitos e actitudes de respecto ás normas de educación viaria, coñecer os sinais básicos de circulación e tomar conciencia das situacións de risco derivadas de comportamentos irresponsables.

- Propiciar a autonomía do alumnado a través da adquisición de hábitos de estudo, orde e traballo.

- Inculcar a importancia da práctica da actividade física como fonte de saúde e socialización, valorando a práctica deportiva no seu tempo de lecer. - Desenvolver no alumnado a imaxinación, a orixinalidade e o espírito crítico.

- Coñecer os dereitos humanos e desenvolver o interese na diversidade de persoas e culturas, cunha actitude aberta, tolerante e respectuosa. - Proporcionar a todos os alumnos a atención psicopedagóxica e a orientación educativa precisa.

- Desenvolver un plan de acción tutorial que proporcione ao alumnado o coñecemento do seu contorno físico, social e educativo.

- Adecuar o currículo aos diferentes ritmos de aprendizaxe con especial atención ao alumnado con necesidades educativas especiais.

- Favorecer a socialización do alumnado propiciando a consecución de destrezas que faciliten a súa integración.

### 3. Ámbito institucional.

- Implicar ás familias dos alumnos no proceso educativo e fomentar a súa participación na vida do centro.

- Fomentar a relación do centro co entorno social, económico e cultural. - Potenciar a coordinación e o traballo en equipo do profesorado.

- Establecer contactos e coordinar actuacións co IES Martaguisela, centro receptor dos alumnos na ESO.

- Impulsar e favorecer a participación do profesorado en actividades de formación permanente, fundamentalmente no propio centro.
  - Colaborar co centro de formación do profesorado.
  - Colaborar co Concello nas actividades organizadas por este e dirixidas á formación do alumnado.
  - Lograr que as administracións local e autonómica cumpran coas súas obrigas con respecto ás necesidades do centro.
  - Democratizar o funcionamento do centro, fomentando e facilitando a participación de todos os sectores da comunidade educativa.
4. Ámbito administrativo.
- Realizar unha xestión administrativa e económica eficaz e transparente.
  - Lograr un sistema de comunicación áxil e eficaz entre toda a comunidade educativa.
5. Ámbito de normalización lingüística.
- Acadar que o alumnado do centro, ao remate da Educación Primaria, teña unha competencia lingüística que lle permita comunicarse por un igual en lingua galega e castelá.
  - Potenciar a valoración positiva do uso da lingua galega por parte da comunidade educativa.
  - Utilizar a lingua galega como lingua oficial nas relacións externas do centro: escritos, circulares, xestión administrativa...
  - Mellorar a competencia lingüística dos membros da comunidade educativa.

A educación primaria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, preparar para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.
- b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.
- c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.
- d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.
- e) Coñecer e utilizar de maneira apropiada a lingua galega e a lingua castelá e desenvolver hábitos de lectura.
- f) Adquirir, polo menos, nunha lingua estranxeira a competencia comunicativa básica que lles permita expresar e comprender mensaxes sinxelas e desenvolverse en situacións cotiás.
- g) Desenvolver as competencias matemáticas básicas e iniciarse na resolución de problemas que requiran a realización de operacións elementais de cálculo, coñecementos xeométricos e estimacións, así como ser capaces de aplicarlos ás situacións da súa vida cotiá.
- h) Coñecer os aspectos fundamentais das ciencias da natureza, as ciencias sociais, a xeografía, a historia e a cultura.
- i) Desenvolver as competencias tecnolóxicas básicas e iniciarse na súa utilización para a aprendizaxe, utilizando un espírito crítico ante o seu funcionamento e as mensaxes que reciben e elaboran.
- j) Utilizar diferentes representacións e expresións artísticas e iniciarse na construción de propostas visuais e audiovisuais.
- k) Valorar a hixiene e a saúde, aceptar o propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas e utilizar a educación física, o deporte e a alimentación como medios para favorecer o desenvolvemento persoal e social.
- l) Coñecer e valorar os animais máis próximos ao ser humano e adoptar modos de comportamento que favorezan a empatía e o seu coidado.
- m) Desenvolver as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como unha actitude contraria á violencia, aos prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas.
- n) Desenvolver hábitos cotiáns de mobilidade activa autónoma saudable, fomentando a educación viaria e actitudes de respecto que incidan na prevención dos accidentes de tráfico. ñ) Coñecer, apreciar e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e os homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas e nos nenos as capacidades que lles permitan:

- a) Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, así como as súas posibilidades de acción, e aprender a respectar as diferenzas.
- b) Observar e explorar a súa contorna familiar, natural e social.
- c) Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- d) Desenvolver as súas capacidades emocionais e afectivas.

- e) Relacionarse coas demais persoas en igualdade e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e relación social, así como exercitarse no uso da empatía e a resolución pacífica de conflitos, evitando calquera tipo de violencia.
- f) Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- g) Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas, na lectura e a escritura, e no movemento, o xesto e o ritmo.
- h) Promover, aplicar e desenvolver as normas sociais que fomentan a igualdade entre mulleres e homes.
- i) Coñecer e valorar as singularidades culturais, lingüísticas, físicas e sociais de Galicia, poñendo de relevancia as mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e á sociedade galegas.

O CEIP Ramón Otero Pedrayo é un colexio que conta co distintivo de calidade "Sello Vida Saludable" otorgado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, recoñecendo que este centro é promotor e fomenta hábitos que conducen ao desenvolvemento dunha vida saludable en todas as súas vertientes, na aprendizaxe da saúde no ámbito educativo, así como na asunción de prácticas de vida saudable e unha actividade física que permita o adecuado desenvolvemento persoal ao longo da escolarización do alumnado.

Pertencemos ao PLAMBE, Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares: a nosa biblioteca é un motor dinamizador de moitas das actividades que se desenvolven no centro.

Somos un centro pioneiro en proxectos relacionados coas novas tecnoloxías: estamos en E-DIXGAL e en Polos Creativos desde o seu primeiro ano de funcionamento e tamén temos participado na Semana STEM co noso alumnado.

No referente á comunicación lingüística, temos seccións bilingües todos os cursos: en inglés de 1º a 6º de primaria, todas elas na área de plástica Arts and Crafts. Contamos cun auxiliar de conversa, nativo en lingua inglesa para os cursos de 4º a 6º de primaria. Ademais, o Equipo de normalización e Dinamización da Lingua Galega promove o uso desta lingua para que os rapaces adquiran a debida competencia nela e este curso, somos un dos dez centros de primaria a nivel autonómico escollidos para participar no Programa 21 días co Galego.

O colexio participa en Voz Natura cun proxecto sobre o horto escolar.

Tamén participamos cada curso en diferentes Plans Proxecta ofertados pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade: "PDC: A Milla Diaria", "Vexo, Veo, Xacobeo", "Nutriescolas", "Mobilidade sostible e segura", "Apuntámonos a non beber." e en numerosos obradoiros ofertados desde outras institucións.

## **b) A contribución á adquisición das competencias clave**

As competencias clave da etapa son as seguintes:

- a) Competencia en comunicación lingüística (CCL).
- b) Competencia plurilingüe (CP).
- c) Competencia matemática e competencia en ciencia, tecnoloxía e enxeñaría (STEM).
- d) Competencia dixital (CD).
- e) Competencia persoal, social e de aprender a aprender (CPSAA).
- f) Competencia cidadá (CC).
- g) Competencia emprendedora (CE).
- h) Competencia en conciencia e expresión culturais (CCEC).

Estas competencias, que se traballan de xeito interdisciplinar e integrador desde todas as áreas, están vinculadas á consecución dos obxectivos da etapa e ademais, a consecución de cada unha delas, ten lugar de forma secuencial e progresiva, e contribúe á adquisición de todas as demais, non existindo xerarquía entre elas. O xeito de presentalas ao alumnado será mediante propostas motivadoras que busquen unha resolución impulsando a capacidade de aprender por sí mesmos, respectando os diferentes ritmos de aprendizaxe e grazas ao traballo en equipo.

## **c) Os criterios para desenvolver os principios pedagóxicos e incorporar os elementos transversais**

Elementos transversais

1. Na etapa de educación primaria trátanse, como mínimo, aqueles contidos de carácter transversal que se recollen nos números 9, 10 e 11 do artigo 16 do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.
2. Do mesmo xeito, promoverase a aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, así como dos valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento de calquera tipo de violencia, a pluralidade e o respecto polo Estado de dereito.

3. Evitaranse os comportamentos, estereotipos e contidos sexistas, así como aqueles que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero. Así mesmo, empregarase unha linguaxe libre de prexuízos e estereotipos sexistas e que sexa non sexista, nos termos establecidos legalmente.

4. A consellería con competencias en materia de educación fomentará as medidas para que o alumnado participe en actividades que lle permitan afianzar o espírito emprendedor e a iniciativa empresarial a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, a iniciativa, o traballo en equipo, a confianza nun mesmo e o sentido crítico.

Así mesmo, potenciaremos na educación que impartimos ao noso alumnado o traballo sobre os seguintes aspectos:

-Educación viaria. Todo o alumnado participa no Plan Proxecta Mobibilidade Sostible e Segura que canaliza todo o traballo sobre este tema colaborando estreitamente coa Policía Local do nosa localidade.

-Educación do consumidor. Promoverase desde todas as áreas. Os cativos son unha parte da poboación afectada pola influencia da publicidade. Desde o centro tratamos de espertar o seu espírito crítico cara estas mensaxes para promover un consumo adecuado dos materiais en función da súa utilización e non de modas ou campañas publicitarias, para elo realízanse actividades como un obradoiro de consumo responsable.

-Educación medioambiental. Como o planeta é a casa que temos, tratamos de inculcar desde pequenos a importancia dunha actitude activa e respetuosa no coidado do medio ambiente a diferentes escales. No centro, contamos cun pequeno horto escolar incluído en Voz Natura, e colaboramos a cotío coa Garda Civil e o Distrito Forestal XIII situado na casa grande de Viloiira, con plantacións de árbores, colocación de casetas para paxaros, charlas sobre incendios forestais...

-Educación para o fomento de hábitos alimenticios saudables. Todo o alumnado participa no Plan Proxecta Nutriescolas, Aliménta-t ben, reparto de froita e leite e numerosos obradoiros relacionados coa alimentación, colaboramos co centro de saúde do Barco e promovemos petiscos saudables no colexio.

-Educación para a saúde e fomento de actividade física. O colexio está inscrito no Plan Proxecta PDC A Milla Diaria, Xogade, Coñece o teu clube, implicamos a toda a comunidade educativa en actividades coma unha bibletada dentro do Plan Proxecta Mobibilidade Sostible e Segura e a realización dunha carreira solidaria entre outras actividades

-A comprensión da lectura e a expresión oral e escrita. Traballarase desde todas as áreas e nas tres linguas impartidas no centro. A biblioteca será un espazo dinamizador desde o que promover actividades de fomento da lectura e funcionará cun servizo de préstamo semanal.

-A comunicación audiovisual e a competencia dixital. Traballarase desde todas as áreas. O centro participa en EDIXGAL e ten en funcionamento a aula de Polos Creativos desde a primeira adxudicación feita pola Consellería. O alumnado de infantil asiste semanalmente á aula de informática para iniciarse no uso dos portátiles.

-O fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento. Traballarase desde todas as áreas con actividades que fomenten a autoestima do cada un e a confianza nun mesmo adoptando roles dentro dun grupo de traballo.

-A igualdade entre mulleres e homes. Promoverase desde todas as áreas. Traballarase principalmente con actividades cooperativas que asignen responsabilidades dentro do grupo sen importar o sexo.

-A educación para a paz e resolución pacífica de conflitos. Promoverase desde todas as áreas o respecto ao resto de persoas e buscarase a resolución de conflitos mediante a palabra, con acordos e reseitando calquera tipo de violencia.

-A educación afectivo-sexual. Promoverase desde todas as áreas.

-A educación emocional: dende todas as áreas traballaremos a empatía e asertividade do noso alumnado, para elo utilizaremos contos sobre a educación emocional, actividades onde sepan recoñecer os sentimentos dos seus compañeiros, dandolles unha serie de estratexias de observación do igual (rosto, postura corporal,...)

-A educación en valores: traballaremos aspectos como son o respecto, a honestidade, a gratitude e a responsabilidade etre outros. Estes aspectos traballaremos diariamente e en todas as áreas. Tamén aproveitaremos un ratiño todos os días despois do recreo, xa que é neste espazo onde poden surdir as maiores dificultades de convivencia.

-A interculturalidade. A base da convivencia pacífica é a tolerancia e aceptación das diferenzas culturais ou raciais que nos enriquecen coma cidadáns. Isto traballase en todas as actividades que se realizan co alumnado, servindo a escola de modelo de convivencia democrática para elo.

-A educación cívica e constitucional. Desenvolverase nos rapaces un traballo que os leve a ter conciencia democrática, respecto á pluralidade e liberdade de pensamento, sentido da xustiza, respecto polos dereitos do neno e dereitos humanos.

En todas as áreas do currículo trabállanse unha serie de contidos implícitos que aparecen recollidos no artigo 10 del RD 126/2014 e o artigo 11 do D105/2014, denominados elementos transversais, coa finalidade de que o alumno/a alcance o seu máximo desenvolvemento integral. Son os seguintes:

- A comprensión lectora: saber comprender é un dos grandes obxectivos que debe acadar o alumnado na etapa de EP Así como a expresión oral e escrita. Dende a biblioteca escolar ao longo de todo curso propoñense actividades para traballar na mellora da lectura e escritura do noso alumnado. Ditas actividades quedan recollidas no Plan Anual de Lectura.

- As tecnoloxías da información e comunicación: no centro contamos ca Aula de Polos Creativos, tendo cada aula do centro asignada unha hora semanal para traballar nela. Así mesmo o alumnado de sexto de EP esta inmerso no programa de Robótica.
- Emprendemento: afianzarán o espírito emprendedor a partir de aptitudes como a creatividade, a autonomía, o traballo en equipo, a confianza en si mesmo e o sentido crítico, actividades que traballamos diariamente na aula, así como na aula de Polos creativos e nalgunhas das actividades plantexadas dende a BE

#### **d) Os criterios de carácter xeral sobre a metodoloxía**

A metodoloxía didáctica utilizada no centro, será fundamentalmente comunicativa, inclusiva, activa e participativa, e dirixida ao logro dos obxectivos e das competencias clave. Prestarase atención ao desenvolvemento de metodoloxías que permitan integrar os elementos do currículo mediante o desenvolvemento de tarefas e actividades relacionadas coa resolución de problemas en contextos da vida real. Así mesmo, a acción educativa procurará a integración das distintas experiencias e aprendizaxes do alumnado, terá en conta os seus diferentes ritmos e preferencias de aprendizaxe, favorecerá a capacidade de aprender por si mesmo, fomentará o traballo colaborativo e en equipo e potenciará a aprendizaxe significativa que promova a autonomía e a reflexión.

Poñerase especial énfase en garantir a inclusión educativa, a atención personalizada ao alumnado e ás súas necesidades de aprendizaxe, a participación e a convivencia, a prevención de dificultades de aprendizaxe e a posta en práctica de mecanismos de reforzo e flexibilización, alternativas metodolóxicas ou outras medidas adecuadas tan axiña como se detecte calquera destas situacións.

A intervención educativa buscará desenvolver e asentar progresivamente as bases que lle faciliten ao alumnado unha adecuada adquisición das competencias clave previstas no perfil de saída, tendo sempre en conta o seu proceso madurativo individual, así como os niveis de desempeño esperados para esta etapa.

Co obxecto de fomentar a integración das competencias clave, os centros docentes dedicarán un tempo do horario lectivo, nos termos recollidos na súa concreción curricular, á realización de proxectos significativos para o alumnado e á resolución colaborativa de problemas, reforzando a autoestima, a autonomía, a reflexión e a responsabilidade.

Así mesmo, para favorecer unha adquisición eficaz das competencias clave, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe que lle permitan ao alumnado avanzar en máis dunha competencia ao mesmo tempo. Nese sentido, as aprendizaxes que teñan carácter instrumental para a adquisición doutras competencias clave recibirán especial consideración.

A lectura constitúe un factor fundamental para o desenvolvemento das competencias clave, é de especial relevancia o desenvolvemento de estratexias de comprensión de lectura de todo tipo de textos e imaxes, en calquera soporte e formato. Co fin de fomentar o hábito e o dominio da lectura, así como o da comunicación, os centros docentes organizarán a súa práctica docente de xeito que se garanta a incorporación dun tempo diario de lectura e práctica da oratoria nos termos recollidos na súa concreción curricular. Para facilitar esta práctica, a consellería con competencias en materia de educación promoverá plans de fomento da lectura e de alfabetización en diversos medios, tecnoloxías e linguaxes. Para iso contarase, de ser o caso, coa colaboración das familias ou persoas titoras legais e do voluntariado, así como co intercambio de boas prácticas.

No proxecto lingüístico do centro concretaranse as medidas tomadas para a impartición do currículo integrado das linguas e para favorecer que todos os coñecementos e as experiencias lingüísticas do alumnado contribúan ao desenvolvemento da súa competencia comunicativa plurilingüe.

As linguas oficiais utilizaranse só como apoio no proceso de aprendizaxe da lingua estranxeira. No devandito proceso priorizarase a comprensión, a expresión e a interacción oral.

Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos.

Sen prexuízo do seu tratamento específico nalgunhas das áreas da etapa, a comprensión da lectura, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento traballaranse en todas as áreas.

Desde todas as áreas promoverase a igualdade entre mulleres e homes, a educación para a paz, a educación para o consumo responsable e o desenvolvemento sustentable e a educación para a saúde, incluída a afectivo-sexual.

Prestarase especial atención á orientación educativa, á acción tutorial e á educación emocional e en valores.

### **e) Os criterios de carácter xeral sobre os materiais e recursos didácticos**

Os criterios de selección dos materiais curriculares que sexan adoptados polos equipos docentes seguen un conxunto de criterios homoxéneos que proporcionan resposta efectiva ás formulacións xerais de intervención educativa e ao modelo didáctico anteriormente proposto.

- Adecuación ao contexto educativo do centro.
- Correspondencia dos obxectivos promovidos cos enunciados no Proxecto educativo do centro.
- Coherencia dos contidos propostos cos obxectivos.
- A acertada progresión dos contidos e obxectivos, a súa correspondencia co nivel e a fidelidade interna de cada área.
- A adecuación aos criterios de avaliación do centro.
- A variedade das actividades, diferente tipoloxía e a súa potencialidade para a atención ás diferenzas individuais.
- A claridade e amenidade gráfica e expositiva.

-A existencia doutros recursos que facilitan a actividade educativa.  
Atendendo a todos eles, establecemos unha serie de pautas concretas que dirixirán a nosa selección e que están plasmadas na seguinte guía de valoración de materiais curriculares.

1. Encádrase con coherencia no Proxecto Educativo de Centro.
2. Cubre os obxectivos do currículo.
3. O número de unidades organiza adecuadamente o curso.
4. Os obxectivos están claramente explicitados.
5. Os contidos seleccionáronse en función dos obxectivos.
6. A selección de contidos está adecuada ao nivel de desenvolvemento psicoevolutivo dos alumnos/as.
7. A progresión é adecuada.
8. Contribúe ao desenvolvemento das competencias básicas.
9. Parte dos coñecementos previos dos alumnos/as.
10. Asegura a realización de aprendizaxes significativas.
11. Esperta a motivación cara ao estudio e á aprendizaxe.
12. Potencia o uso das técnicas de traballo intelectual.
13. Presenta actividades de reforzo e de ampliación.
14. A cantidade de actividades é suficiente.
15. Permiten a atención á diversidade.
16. As actividades están ben diferenciadas dos contidos.
17. As informacións son exactas, actuais e cientificamente rigorosas.
18. A información e as explicacións dos conceptos exprésanse con claridade.
19. Facilita a memorización comprensiva mediante unha adecuada organización das ideas, destacando as principais sobre as secundarias.
20. A linguaxe está adaptada ao nivel.
21. As imaxes achegan aclaracións ou ampliacións ao texto.
22. Recórrese suficientemente á información gráfica mediante esquemas, táboas, gráficos, mapas etc.
23. A disposición dos elementos nas páxinas aparece clara e ben diferenciada.
24. O aspecto xeral do libro resulta agradable e atractivo para o alumno/a.
25. Presenta materiais complementarios que facilitan o desenvolvemento do proceso docente.

### **f) Os criterios de oferta educativa, itinerarios e optatividade, de ser o caso**



## **g) Os criterios para o deseño das actividades complementarias**

Considéranse actividades complementarias as organizadas polo Centro en horario lectivo, de acordo co Proxecto Curricular, e que teñan un carácter diferenciado das propias docentes polo momento, espazos ou recursos que utilicen.

Correspóndelle ao Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, en colaboración co Equipo Directivo, promover, coordinar e organizar un Plan Xeral de Actividades que será presentado ao Consello Escolar para a súa aprobación e inclusión na Programación Xeral Anual.

1. Criterios específicos de organización das actividades complementarias.

1.1 Criterios de actividades complementarias realizadas dentro do centro en horario lectivo.

- A participación do alumnado nestas actividades será sempre obrigatoria.

- O profesorado afectado pola actividade será responsable da participación do alumnado nel, quedando en todo momento os ditos alumnos ao seu cargo.

- Cando a actividade co alumnado sexa dirixida por un axente colaborador externo, o profesorado afectado deberá estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia a non ser que os monitores soliciten o contrario.

1.2. Criterios específicos para as actividades complementarias realizadas fóra do centro.

- Para este tipo de actividades requírese sempre a autorización por escrito dos pais/titores para saída do alumnado do recinto escolar.

-As actividades complementarias que supoñan a saída do Centro e que se desenvolvan dentro do horario lectivo son obrigatorias se son totalmente gratuítas para o alumnado. Terán carácter voluntario as actividades complementarias que saian do Centro e/ou que supoñan algún custo económico para o alumnado ou cuxa duración se estenda máis aló da xornada lectiva.

-Se se trata dunha actividade de pago, será necesario que o alumnado teña aboada a súa parte nos termos indicados.

- Cando a actividade co alumnado sexa dirixida por un axente colaborador externo, o profesorado afectado deberá estar sempre presente na actividade para controlar e atender calquera incidencia a non ser que os monitores soliciten o contrario.

-O alumnado que non participe na actividade estará obrigado á asistencia ao Centro.

-O profesorado que participe en actividades que impliquen a súa ausencia ao Centro en horario lectivo, preverá as tarefas que deban realizar os alumnos que non participen na actividade, e facilitárllelas aos mestres de garda.

-En todas as saídas haberá un profesor responsable por cada 25 alumnos. No caso de actividades fóra da localidade, manterase a mesma proporción cun mínimo de dous profesores responsables.

-Cando a actividade se realice dentro da localidade e o número de alumnos participantes non supere os 25, só será necesaria a presenza dun profesor.

-Para participar nas actividades fóra do recinto escolar, o alumnado debe ter un comportamento axeitado, dada a responsabilidade que conleva calquera saída fóra do colexio e/ou do horario lectivo.

-O punto de partida e chegada de calquera viaxe ou saída será sempre o centro educativo, salvo acordo en contrario por unanimidade de todas as partes, sendo a responsabilidade do alumno que cubra o traxecto dende o seu domicilio ata o Centro e viceversa, con hora sinalada.

Dacordo coa nosa Programación Xeral Anual:

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares ten como obxectivos:

- 1.- Desenvolver os aspectos non contemplados no currículo e que favorecen o desenvolvemento integral do alumnado.

- 2.- Contribuír ao afianzamento dos valores relacionados coa socialización, o respecto aos demais, a solidariedade e a conservación do medio ambiente.

- 3.- Servir de nexos de unión entre o Centro e o mundo exterior, acercando ao alumnado ao seu contorno e estimulando o seu interese polo coñecemento da súa cultura.

As actividades do noso Centro cumpren estes obxectivos e tamén perseguen as seguintes fins:

1.- Ampliar os horizontes artísticos e culturais do alumnado mediante saídas para ver teatro, exposicións, museos, etc...

2.- Desenvolver as súas capacidades artísticas e literarias mediante a participación en concursos, certames, conmemoracións, etc...

3.- Educar socialmente, para que o alumnado saiba ter un comportamento axeitado en diferentes situacións e desenvolver a súa capacidade crítica nos aspectos de consumo e dereitos e deberes dos cidadáns.

4.- Estimular ás familias a participar na vida do Centro.

O Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares estará coordinado co Equipo de Normalización e Dinamización da Lingua Galega para promover actividades en prol do uso natural e normal da lingua galega, particularmente nos seguintes aspectos:

- . Uso da lingua galega nos murais, folletos, e carteis producidos para as distintas conmemoracións.
- . Emprego do galego noutras actividades lúdicas e educativas (xogos, saídas, celebracións,...)
- . Estudo e cultivo da tradición e cultura local (contos, ditos, cantigas, toponimia.)
- . Estudo e realización de actividades entorno á biblioteca, de fomento da lectura.

#### **h) Os criterios para o deseño dos plans de reforzo ou de recuperación para o alumnado que promocióne con materias, ámbitos ou módulos pendentes de cursos anteriores, de ser o caso**

Tendo en conta as necesidades existentes entre a diversidade do alumnado, sempre que se detecten, levarase a cabo un ensino individualizado que se adapte ás características de cada alumno/a, dotando e elaborando as respectivas medidas e plans de reforzo ou recuperación.

- . Cando un/unha alumno/a de educación primaria promocióne con materias suspensas, debe seguir un plan de reforzo educativo, que ten como finalidade atender e superar as dificultades. O plan de reforzo será elaborado polo/a mestre/a da materia, incluíndo cada mestre/a no apartado de atención á diversidade da súa programación unha serie de medidas para atender ao alumnado con necesidades educativas.
- . Un alumno recibirá apoio para consolidar aprendizaxes, cando a aprendizaxe sexa lenta ou presente dificultades para seguir o currículo.
- . Partirase do nivel curricular de cada alumno (avaliación inicial (e de ser o caso psicopedagóxica) que determine as necesidades existentes e o nivel competencial actual, analizando e contrastando os resultados coa información existente no expediente do/a alumno/a).
- . Emprego de diferentes estilos de aprendizaxe á hora de propor tarefas.
- . Comunicación frecuente e fluída coa familia.
- . Reforzo educativo na medida do posible dentro da aula ordinaria, (impartido polo profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e Audición e Linguaxe, así como tamén por aquel profesorado con dispoñibilidade horaria).
- . Secuenciación de actividades e tarefas con recursos tecnolóxicos variados.
- . Empregaranse instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe, co fin de permitir a valoración obxectiva de todo o alumnado.
- . Realización de adaptacións curriculares para atender ás necesidades educativas do alumnado motivadas tanto por unha determinada dificultade persoal coma polas súas capacidades excepcionais.

#### **i) Os criterios para o deseño dos plans específicos de reforzo ou personalizados para o alumnado que deba permanecer un ano máis no mesmo curso, de ser o caso**

Ao alumnado de Primaria (2º, 4º e 6º de Primaria) que permaneza un ano máis no mesmo curso realizaráselle (elaborado polo equipo docente baixo a supervisión do/a titor/a) un Plan Específico de Reforzo co obxectivo de superar as dificultades que deron lugar a esa repetición. (Orde 8 de setembro 2021 de atención á diversidade pola que se desenvolve o Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado).

O Plan Específico de Reforzo debe incluír, cando menos:

- a) Identificación da alumna ou do alumno.
- b) Relación das necesidades educativas que motivaron a repetición do curso.
- c) Medidas ordinarias e/ou extraordinarias aplicadas no curso anterior.
- d) Estratexias metodolóxicas que se utilizarán no seu desenvolvemento.
- e) Recursos necesarios para o desenvolvemento do plan.
- f) De ser o caso, oferta de medidas extraordinarias.
- g) Acreditación da información á familia.

O reforzo dado a un alumno pode vir motivado por diferentes causas: Altas Capacidades, Problemas de absentismo, Dificultades emocionais, Dificultades atencionais e de concentración, Dificultades de memorización, Dificultades de expresión e comprensión, Dificultades no razoamento lóxico e abstracto, Dificultades motrices, Falta de interese e motivación, ....

Tendo en conta as diferentes peculiaridades, empregaremos a Metodoloxía máis axeitada: Principios do DUA (Deseño Universal de Aprendizaxe), Traballo por proxectos, Traballo cooperativo, presentación das actividades e tarefas segundo o ritmo de aprendizaxe e necesidades, apoios visuais nas explicacións (esquemas, mapas conceptuais,

resumos,....), material e actividades suficientes no caso de que o/a alumno/a remate as tarefas antes do tempo previsto, alternar recursos informáticos, impresos e audiovisuais, adaptación dos tempos de traballo ao ritmo do/a alumno/a, adaptación das probas escritas (presentación, formato, tempos) ao ritmo e necesidades, anticipar o que se vai facer e como.

Como medidas organizativas deberase facilitar un ambiente de aprendizaxe tranquilo que favoreza a atención, concentración establecendo normas e límites coherentes.

A ubicación do alumno será nun espazo alonxado de estímulos que facilite a atención e favoreza a atención, preto de compañeiros que sirvan de modelo e ofrezan tranquilidade

A Avaliación do Reforzo Educativo será un proceso continuo realizando os axustes que procedan. Empregaranse diversas técnicas, sendo algunhas delas a observación directa, valoración cualitativa, rexistro de tarefas, actividades de recuperación, probas estandarizadas (orais, visuais, escritas).

## **j) Os criterios xerais para a avaliación, e de ser o caso, a promoción e a titulación**

### Avaliación

Para a avaliación tomamos como referente a Orde do 25 de xaneiro de 2022, pola que se actualiza a normativa de avaliación no sistema educativo de Galicia.

- Os referentes para a valoración do grao de adquisición das competencias clave e o logro dos obxectivos das áreas e da etapa na avaliación das áreas serán os criterios de avaliación que figuran no anexo II do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

Os referentes no caso do alumnado con adaptación curricular serán os incluídos na devandita adaptación, sen que isto poida impedirle a promoción ao curso ou á etapa seguinte.

- A avaliación do alumnado será global, continua e formativa, e terá en conta o grao de desenvolvemento das competencias clave e o seu progreso no conxunto dos procesos de aprendizaxe.

- No contexto deste proceso de avaliación continua, cando o progreso dunha alumna ou dun alumno non sexa o axeitado, estableceranse medidas de reforzo educativo. Estas medidas adoptaranse en calquera momento do curso, tan axiña como se detecten as dificultades, e estarán dirixidas a garantir a adquisición das aprendizaxes imprescindibles para continuar o proceso educativo.

- Na avaliación promoverase o uso xeneralizado de instrumentos de avaliación variados, diversos e adaptados ás distintas situacións de aprendizaxe que permitan a valoración obxectiva de todo o alumnado.

- A avaliación das aprendizaxes das alumnas e dos alumnos terá un carácter formativo e será un instrumento para a mellora tanto dos procesos de ensino como dos procesos de aprendizaxe. Nese sentido, o profesorado avaliará tanto as aprendizaxes do alumnado como os procesos de ensino e a súa propia práctica docente, para o cal establecerá indicadores de logro nas programacións docentes.

- Con independencia do seguimento realizado ao longo do curso, o equipo docente, coordinado pola titora ou polo titor do grupo, valorará, de forma colexiada, o progreso do alumnado nunha única sesión de avaliación que terá lugar ao finalizar o período lectivo do curso académico.

### Promoción

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, e como consecuencia do proceso de avaliación, o equipo docente do grupo, na sesión de avaliación final, decidirá sobre a promoción do alumnado. A decisión será adoptada de xeito colexiado, tendo en conta os criterios de promoción e tomando especialmente en consideración a información e o criterio do profesorado titor. A promoción no resto de cursos da etapa será automática.

- O alumnado que acade a promoción de curso con algunha área con cualificación negativa recibirá os apoios necesarios para recuperar as aprendizaxes que non alcanzase o curso anterior.

- O alumnado que non acade a promoción permanecerá un ano máis no mesmo curso. A permanencia no mesmo curso considerase unha medida de carácter excepcional e tomarase se, tras aplicar as medidas ordinarias suficientes, adecuadas e personalizadas para atender o desfacemento curricular ou as dificultades de aprendizaxe da alumna ou do alumno, o equipo docente considera que a permanencia un ano máis no mesmo curso é a medida máis adecuada para favorecer o seu desenvolvemento. Nese caso, o equipo docente organizará un plan específico de reforzo para que, durante ese curso, a alumna ou o alumno poida alcanzar o grao de adquisición das competencias clave correspondentes. A decisión de permanencia no mesmo curso só poderá adoptarse unha vez durante a etapa, oídas as nais, os pais ou as persoas titoras legais, e terá, en todo caso, carácter excepcional.

- Ao finalizar os cursos segundo, cuarto e sexto da etapa, o profesorado titor emitirá un informe sobre o grao de adquisición das competencias clave de cada alumna ou alumno, no cal indique, de ser o caso, as medidas de reforzo que se deben prever no ciclo ou na etapa seguinte.

- Coa fin de garantir a continuidade do proceso de formación do alumnado, cada alumna ou alumno disporá ao finalizar a etapa dun informe sobre a súa evolución e o grao de desenvolvemento das competencias clave.

- A consellería con competencias en materia de educación establecerá as características dos informes finais de ciclo e etapa a que se refiren os números 4 e 5 anteriores.

Avaliación de diagnóstico

No cuarto curso de educación primaria, todos os centros docentes realizarán unha avaliación de diagnóstico das competencias clave adquiridas polo seu alumnado, segundo dispoña a consellería con competencias en materia de educación. Esta avaliación terá carácter informativo, formativo e orientador para os centros docentes, para o profesorado, para o alumnado e as súas familias ou persoas titoras legais, e para o conxunto da comunidade educativa. Esta avaliación, de carácter censal, terá como marco de referencia o establecido de acordo co artigo 144.1 da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio.

Dereito do alumnado a unha avaliación obxectiva

Coa fin de garantir o dereito das alumnas e dos alumnos a que a súa dedicación, o seu esforzo e o seu rendemento sexan valorados e recoñecidos conforme criterios de plena obxectividade, os centros docentes adoptarán as medidas precisas para facer públicos e comunicarlles ás nais, aos pais ou ás persoas titoras legais os criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación e os criterios de promoción que, en todo caso, atenderán ás características da avaliación dispostas na lexislación vixente e, en particular, ao carácter global, continuo e formativo da avaliación nesta etapa.

Participación e dereito á información de nais, pais ou persoas titoras legais

-De conformidade co establecido no artigo 4.2.e) da Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, e no artigo 24 do Real decreto 157/2022, do 1 de marzo, e de acordo coas previsións da Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa, as nais, os pais ou as persoas titoras legais deberán participar e apoiar a evolución do proceso educativo das súas fillas, dos seus fillos ou das persoas que tutelén, así como coñecer as decisións relativas á súa avaliación e á promoción, colaborar nas medidas de apoio ou reforzo que adopten os centros docentes para facilitar o seu progreso educativo e terán acceso aos documentos oficiais de avaliación e ás probas e aos documentos das avaliacións que se lles realicen ás súas fillas, aos seus fillos ou ás persoas tuteladas, na parte referida á alumna ou ao alumno de que se trate, sen prexuízo do respecto ás garantías establecidas na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais; no Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se deroga a Directiva 95/46/CE, e demais normativa aplicable en materia de protección de datos de carácter persoal. Para esta finalidade, o acceso ás actas de avaliación poderá substituírse por un boletín individualizado coa información da acta referida á alumna ou ao alumno de que se trate.

-Igualmente, os centros docentes promoverán compromisos educativos coas nais, cos pais ou coas persoas titoras legais do seu alumnado en que se consignen as actividades que as persoas integrantes da comunidade educativa se comprometen a desenvolver para facilitar o progreso académico do alumnado.

Temos na nosa PXA:

Os criterios de avaliación estarán dacordo co disposto no artigo 59 do Decreto 92/ 988 do 28 de Abril.

Polo tanto, en Educación Infantil levarase a cabo unha primeira exploración a fin de obter información sobre o alumno, valorando aspectos tales como nivel intelectual, datos familiares, expediente médico, etc.).

A avaliación terá carácter continua a fin de tomar as decisións oportunas en cada momento, para solucionar o antes posible os problemas que xurdan no proceso educativo.

A avaliación final será o resultado dunha valoración sumativa, global e continua que valore tanto os aspectos cualitativos como cuantitativos.

1. A avaliación ensino-aprendizaxe será global, continua e formativa.
2. A avaliación inicial terá en conta as características do medio no que vive o/a neno/a e partirá da información que aporten as familias.
3. A avaliación formativa permitirá indagar sobre os cambios que se producen como resultado das diferentes intervencións.
4. Unha técnica de avaliación axeitada nesta etapa é a observación directa e sistemática do/a neno/a.
5. A avaliación levarase a cabo tendo en conta os obxectivos educativos establecidos.
6. Adoptaranse medidas de reforzo educativo.
7. Introduciranse paulatinamente á autoavaliación.
8. Informarase ás familias sobre os resultados da avaliación continua.

En Educación Primaria os alumnos que non acaden a calificación global positiva nalgún dos Ciclos poderán permanecer un curso máis no Ciclo, e só poderán repetir curso unha vez ao longo de toda a Educación Pimaria ( Art. 11, R.D. 1006 / 1991 do 4 de Xuño).

Os pais/nais ou titores serán informados dos resultados académicos dos seus fillos mediante os boletíns de notas que cada titor entregará despois de cada avaliación, tendo en conta que ditos boletíns de notas teñen só carácter informativo.

Os pais/nais ou titores poderán presentar reclamacións perante a Dirección do Centro se non estiveran de acordo

coas calificacións finais ou cos resultados da avaliación continua, facéndoo sempre dentro dos cinco días contados a partires da notificación das mesmas

### **k) Os criterios xerais do outorgamento de matrículas de honra, de ser o caso**

Segundo a ORDE de 9 de xuño de 2016 pola que se regula a avaliación e a promoción do alumnado que cursa educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os equipos docentes poderán propoñer o outorgamento dunha mención honorífica aos alumnos e ás alumnas que superasen todas as áreas da etapa e obtivesen sobresaliente ao rematar educación primaria nunha área ou en varias e que demostren un rendemento académico excelente. A proposta de «Mención honorífica» farase constar na acta de avaliación.

### **l) As decisións e criterios xerais para a elaboración e avaliación das programacións didácticas**

O centro desenvolverá o currículo das ensinanzas de educación primaria mediante a elaboración das correspondentes programacións didácticas para cada unha das áreas ou ámbitos seguindo as decisións e os criterios xerais establecidos na concreción curricular, e tendo en conta o disposto nos correspondentes regulamentos orgánicos.

As programacións didácticas das áreas ou ámbitos das ensinanzas de educación primaria incluírán, como mínimo, os seguintes elementos:

a) Introducción.

b) Obxectivos da área e a súa contribución ao desenvolvemento das competencias clave.

c) Relación de unidades didácticas, entendidas como a parte do currículo da área que se traballará, coa súa secuenciación e temporización.

d) Metodoloxía.

- Concrecións metodolóxicas.

- Materiais e recursos didácticos.

e) Avaliación.

- Procedemento para a avaliación inicial.

- Criterios de cualificación con indicación do grao mínimo de consecución para a superación da área e criterios de recuperación.

f) Medidas de atención á diversidade.

g) Transversal.

- Concreción dos elementos transversais.

- Actividades complementarias.

h) Práctica docente.

- Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro.

- Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora da programación.

O equipo docente realizará o seguimento das programacións didácticas de cada área, con indicación do seu grao de cumprimento e, en caso de desviacións, cunha xustificación razoada.

A elaboración e seguimento das programacións realizarase a través da aplicación PROENS facilitada pola consellería.

### **m) Os criterios para a participación do centro en proxectos, plans e programas**

Plans educativos

Segundo as directrices do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establecen a ordenación e o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia, os nosos Plans responden ás seguintes seccións:

. Bibliotecas escolares e aproximación á lectura

Temos un plan anual de lectura que se concreta anualmente na programación xeral anual a través de actuacións destinadas ao fomento da lectura, da escritura e das habilidades no uso, no tratamento e na produción da información, en apoio da adquisición das competencias clave.

O centro conta cunha biblioteca escolar incluída no PLAMBE e é o centro de referencia de recursos da lectura, da información e da aprendizaxe, ademais de servir como instrumento de apoio para o desenvolvemento do plan de lectura.

. Educación dixital

O centro conta cun Plan Dixital de Centro, que se concibe como un instrumento para mellorar o desenvolvemento da

competencia dixital da comunidade educativa, o uso das tecnoloxías dixitais no proceso de ensino e aprendizaxe e a transformación dos centros en organizacións educativas dixitalmente competentes, e que se concreta e actualiza anualmente.

O colexio está entre os primeiros de Galicia que contan cunha aula de Polos Creativos e participa no proxecto Abalar E-dixgal.

Empregamos de xeito preferente as plataformas dixitais e tecnolóxicas de acceso para toda a comunidade educativa ofertadas pola administración educativa.

. Promoción de estilos de vida saudables

O noso centro, desde o ano 2011 conta co Selo Vida Saudable outorgado polo Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, polo que é un sinal claro da promoción de actividades físicas e hábitos saudables coa finalidade da práctica diaria de deporte e exercicio físico durante a xornada escolar e da promoción dunha vida activa, saudable e autónoma por parte das alumnas e dos alumnos tamén no tocante á alimentación, respecto á natureza e coidado dos animais.

Ademais os criterios para a elección dos proxectos e programas nos que participamos, atenden aos sinais de identidade do centro incluídos no PEC, que algúns coinciden coas directrices anteriores:

#### 1. A diversidade como identidade

- As actividades educativas do C.E.I.P. “ Ramón Otero Pedrayo”, axustaranse aos principios do artigo 27.2 da Constitución Española, orientándose ao pleno desenvolvemento da personalidade humana no respecto aos principios democráticos de convivencia e aos dereitos e deberes fundamentais.

- O alumnado será orientado cara unha formación plena, que lle permita formar a súa identidade, e construír unha concepción da realidade para poder participar de xeito crítico nunha sociedade libre, tolerante e solidaria, respectando os dereitos humanos, a vida en común e a cooperación e solidariedade entre os pobos.

-Defendemos unha escola inclusiva, na que convivimos con respecto independentemente da nosa orixe, cultura, ideoloxía, relixión, situación familiar...

#### 2. Unha escola integrada no barrio

- Este colexio é un centro aberto para que toda a comunidade educativa, institucións, asociacións e resto de colectivos da vila, acudan a el para levar a cabo as súas propostas, producíndose esa apertura nas dúas direccións, xa que o colexio participa asiduamente en moitas actividades que nos propoñen diferentes entes da localidade.

#### 3. Igualdade de oportunidades:

- Este é un centro público, comprometido cunha educación de calidade que garante a igualdade de oportunidades para todo o alumnado.

- Todo o alumnado ten os mesmos dereitos, dacordo cos principios de igualdade de dereitos e de non discriminación que inspiran a actividade educativa, e desenrolaranse no marco da coeducación.

- Deben respectarse ao máximo as etapas evolutivas polas que pasa todo neno e fomentar a coordinación entre os cursos, para facilitar a coherencia do traballo nas aulas.

#### 4. Selo “Vida Saudable”:

- Desde o ano 2011, o CEIP Ramón Otero Pedrayo conta, ininterrompidamente, co distintivo de calidade “Sello Vida Saudable” outorgado polo “Ministerio de Educación, Cultura y Deporte” como centro destacado na promoción de hábitos de vida saudables, alimentación sa, coidado e respecto polo medio ambiente, etc

- Este selo é empregado na documentación oficial do centro.

#### 5. Responsabilidade tecnolóxica:

- Valoramos positivamente o emprego racional da tecnoloxía, pois ofrece amplísimas posibilidades, pero traballamos co alumnado a toma de conciencia sobre os perigos dun uso irresponsable e excesivo.

- O centro conta cun Plan Dixital aprobado no curso 2021-2022.

- O colexio está dentro de EDIXGAL desde o seu primeiro ano de funcionamento, ten participado na Semana STEM, impartiu varios cursos “Robótica Educativa en Primaria, e actualmente, é un dos centros adjudicatarios de “Polos Creativos” desde a súa posta en marcha no curso 2022-2023.

#### 6. Música e movemento:

- O potencial da música como elemento xerador de aprendizaxe, sobrepasa as áreas de Música e Educación Física, polo que no colexio se leva a cabo unha especial concienciación sobre estas manifestacións artísticas mediante a oferta ao alumnado dunha variada gama de manifestacións culturais coma concertos, musicais, danzas e bailes, actuacións teatrais.. tanto coma espectadores, coma protagonistas de tales expresións culturais.

Algúns dos plans, proxectos e programas nos que participa o colexio son:

-Polos Creativos

-Voz Natura: horto escolar

-Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (PLAMBE)

-Programa 21 días co galego

-Proxecto Abalar

- Edixgal
- Plan Proxecta: Mobilidade sostible e segura
- Plan Proxecta: A milla diaria
- Plan Proxecta: Vexo Veo Xacobeo
- Plan Proxecta; Apuntámonos a non beber
- Plan Proxecta; Nutriescolas. Aliménta-T Ben
- Plan Director para a mellora da convivencia nos centros
- Convivencia de Educación Infantil Cholo e Nela

#### **n) O procedemento para a revisión, avaliación e modificación da concreción curricular**

Anualmente realizarase unha revisión e actualización se é preciso deste documento, que pode vir determinada por novos axustes legislativos ou como forma de adaptación ás necesidades e características do noso colexio. A principio de cada curso, abrirase un prazo ata mediados de outubro, para que todos os integrantes do claustro revisen a concreción existente e fagan as súas aportacións. A continuación, levarase a aprobación en claustro.

#### **o) Outros apartados**

1. .